

NESTE PRIMEIRO TRIMESTRE TRABALLAMOS SOBRE...




O QUE NOS RODEA

RECOLLIDA DE UVA, ESTIMACIÓNS DE CANTAS UVAS TERIAMOS, APROXIMARSE CARA O MUNDO VINICOLA, SABENDO QUE SE PRODUCE A PARTIR DA UVA, MACHALA UVA E ELABORACIÓN DE MOSTO, DEGUSTANDO E OBSERVANDO UN PROCESO DE TRABALLO EN CADEA.

DEBULLAR MILLO E ELABORACIÓN DE MANDALAS COS GRANS, EMPREGO DAS MAZORCAS PARA O CONTEO E ASOCIACIÓN DE GRAFÍA E NÚMERO, ASÍ COMO DEGUSTACIÓN DE PALOMITAS.

POTENCIAR A CREATIVIDADE

DÁNDOLLE DIFERENTES TÉCNICAS PLÁSTICAS AO SEU ALCANCE DENDE O MÁIS SENCILLO COMO A PLASTILINA, COLLAGE, ATA O USO DA ACUARELA, OS FONDOS NEGROS DE CERA MANLEY E O EMPREGO DA TIXEIRA DE FORMA AUTÓNOMA PODENDO CREAR FONDOS PARA ELABORACIÓN DE CADROS QUE EXPRESEN ALGO DO APRENDIDO COMO AS CATRINAS PERSONALIZADAS CON FONDO DE PERIÓDICOS.



EMPREGO DOS RINCÓNS PARA COÑECER O DESENVOLVEMENTO INDIVIDUAL DE CADA UN

TRABALLO REFORZANDO OS NIVEIS LÓXICO MATEMÁTICOS OU LINGÜÍSTICOS A TRAVÉS DO XOGO, FOMENTANDO A MOTIVACIÓN EN CADA UN DOS ALUMNOS/AS E VALORANDO OS SEUS LOGROS E ESFORZOS. EXEMPLOS DE ESTAS ACTIVIDADES: RECONTOS DO ALUMNADO, CONTEO DE ELEMENTOS DA NATUREZA, EMPREGO DE SELOS CON LETRAS, PIZARRAS PARA DICTADOS FONOLÓXICOS, ETC



EXPRESIÓN ORAL

EMPREGO DUN MICRÓFONO PARA QUE ELES MESMOS SEXAN QUEN DE FALAR EN PÚBLICO, VALORANDO O SEU ESFORZO DE CREACIÓN E EXPRESIÓN ORAL, AXUDANDO AQUELES QUE TEÑEN MÁIS DIFICULTADES A PODER PARTICIPAR EN PÚBLICO SENTÍNDOSE SEGUROS E CON AXUDA DE TODOS OS COMPAÑEIRO/AS, IR MELLORANDO NA PRONUNCIA OU NA CREACIÓN DE DIFERENTES EXPRESIÓNS SOBRE HISTORIAS, CHISTES, PETICIÓNS, ETC



PARTICIPACIÓN EN COMUNIDADE

PARTICIPAMOS NAS CONMEMORACIÓNS QUE PARTICIPA O CENTRO, SEMPRE COMPRENDENDO QUE É A FINALIDADE DE CADA CONMEMORACIÓN ESPECIALMENTE NA:

- ESTACIÓNS DO SAMAGOSTO: BAILES, MERENDAS TERRORÍFICAS, XOGOS TRADICIONAIS.
- CREACIÓN DOS ANTIFACES CON SOÑOS FUTUROS
- CAMIÑANDO XUNTAS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.
- SAÍDA A COÑECER O CASTELO DE FRIOL.
- SAÍDA A FEIRA.
- BAILE DE NADAL E TEATRO NAVIDEÑO.
- ELABORACIÓN DA CAIXA DOS MEDOS.

TODAS ESTAS ACTIVIDADES FORON EXPLICADAS PREVIAMENTE, PARA ENTENDER O POR QUÉ AS REALIZAMOS.